

opusdei.org

# **As homilías de "É Cristo que pasa" e "Amigos de Deus", en galego**

A editorial Agoeiro vén de publicar en galego os libros de homilías de san Josemaría Escrivá *É Cristo que pasa* e *Amigos de Deus*. O primeiro volume saíra en 1973, dous anos antes da morte do fundador do Opus Dei; o segundo é póstumo e chegou ás librarías en 1977. Cada un destes libros contén 18 homilías que foron traducidas ao galego por Araceli Filgueira Iglesias.

13-07-2022

Os textos de *É Cristo que pasa* abranguen todo o ano litúrxico católico, desde o Advento ata a festa de Cristo Rei. En canto ao contido, o beato Álvaro del Portillo escribiu no prólogo da primeira edición: “A cerna é o sentido da filiación divina, constante na predicación do fundador do Opus Dei. O autor faise eco continuamente da ensinanza de san Paulo: "Os que son gobernados polo Espírito de Deus son fillos de Deus". Esta edición en galego leva un texto do bispo de Vigo, Luis Quinteiro, que sinala como desde a diocese de Tui-Vigo comezou a expansión internacional da institución fundada por Escrivá. Tamén di: “Sen dúbida, estas homilías axudarán a quen as lea a ser máis rezador seguindo as suxestións do Papa”.

O arcebispo de Santiago, Julián Barrio, lembra no limiar de *Amigos de Deus* que san Josemaría peregrinou por primeira vez a Compostela en xullo de 1938. Aquel era Ano Santo porque o de 1937 se alongara por mor da guerra. Tamén evoca como, no prólogo da primeira edición, o beato Álvaro del Portillo dicía: “Estas dezaoito homilías trazan un panorama de virtudes básicas humanas e cristiás para quen queira seguir de preto os pasos do Mestre”.

Agoeiro é unha editorial que naceu durante a pandemia baixo a dirección do xornalista vigués Jorge Alonso. O nome está tomado dun illote do sur das illas Cíes, moi apreciado polos pescadores. Na súa curta existencia o selo publicou 40 obras e está a rescatar fondos do editor Severino Cardeñoso, que é asesor da editorial.

Os libros de homilías están á venda na librería Avir da Coruña e despois do verán están previstas varias presentacións en distintas cidades galegas.

## LIMIAR

### AMIGOS DE DEUS

A primeira edición de *Amigos de Dios* viu a luz en decembro de 1977, dous anos despois do falecemento do seu autor. Na primeira edición o beato Álvaro del Portillo dicía no prólogo: «*Estas dezaoto homilías trazan un panorama de virtudes humanas e cristiás básicas, para o que queira seguir de preto os pasos do Mestre. Non son nin un tratado teórico nin un prontuario de boas maneiras do espírito. Conteñen doutrina viva, onde a fondura do teólogo vai unida á transparencia evanxélica do bo pastor de almas*».

San Josemaría visitou Santiago de Compostela en diversas ocasións, principalmente na década dos anos corenta, para pór os alicerces do labor apostólico do Opus Dei en Galicia. A súa primeira peregrinación xacobeá tivo lugar en xullo de 1938, pois o Ano Santo de 1937 prolongárase polas difíciles circunstancias que atravesaba España. Antes de chegar a Santiago o 17 de xullo, san Josemaría deixara escrito: «Pedide por min: que este Xubileo me limpe e me acenda a alma» e ao final da peregrinación anotou: «na cripta, xunto ás reliquias do Apóstolo, vívense pausadamente as oracións da Santa Misa». Veu rezar ante os restos do apóstolo Santiago, “amigo do Señor”, como canta o seu himno.

Fanse sesenta anos desde a última vez que o autor do libro estivo en Santiago. «Fillos de Deus, *Amigos de Deus*, esa é a verdade que san

Josemaría quixo gravar a fogo nos que o trataban», escribía o beato Álvaro del Portillo no dito prólogo, que concluía coas palabras dunha das homilías “Cara á santidad”:

*«Amade a Igrexa, servídea coa ledicia consciente de quen se soubo decidir a este servizo por Amor. E se vísemos que algúns andan sen esperanza, coma os de Emaús, acheguémonos con fe —non en nome propio, senón en nome de Cristo—, para asegurarlles que a promesa de Xesús non pode fallar, que El vela pola súa Esposa, que non a abandona».*

Que estas dezaioito homilías impulsen a que «A peregrinación á tumba do Apóstolo se convertan nunha chamada á misión , a convocar a todos a esa patria cara a que avanzamos».(Palabras do Papa Francisco da carta emitida con motivo do Ano Santo).

Oxalá que estes anos santos 2021 e 2022 dean os seus froitos xa que *«aopoñernos no camiño tras as pegadas do Apóstolo saímos do noso propio eu, desas seguridades ás que nos aferramos, pero tendo clara a meta, non somos errantes que xiran sempre sobre si mesmos sen chegaren a ningures»*(Palabras do Papa Francisco da carta emitida con motivo do Ano Santo).

† Julián Barrio Barrio

Arcebispo de Santiago de Compostela

**LIMIAR**

**É CRISTO QUE PASA**

A primeira edición de *Es Cristo que pasa* publicouse en marzo de 1973. Corenta e oito anos despois, atopamos traducido para o galego este libro de homilías de san Josemaría, que foi difundido en máis

de vinte e un idiomas e superou o medio millón de exemplares.

O beato Álvaro del Portillo destacou no limiar daquela primeira edición tres características: a profundidade teolóxica destas meditacións, a conexión inmediata entre a doutrina do Evanxeo e a existencia cristiá ordinaria e unha terceira, o estilo literario do autor, directo e sinxelo, ao que a autora da tradución, Araceli Filgueira, foi fiel.

Constantino Anchel, doutor en Ciencias da Educación e Teoloxía, dicía nunha entrevista en *Faro de Vigo* o 26 de xuño de 2004: «O Opus Dei comeza a espallarse fóra de España dende Galicia». E lembraba: «Josemaría Escrivá chegou a Tui o 2 de febreiro de 1945 e, despois de visitar a Sor Lucía nun convento, tres días máis tarde viaxou con frei José López Ortiz [daquela bispo de Tui-Vigo] a Portugal, grazas

precisamente aos esforzos da vidente de Fátima. En terras portuguesas reuniuse con varios bispos, aos que lles explicou a Obra que fundara; ademais, en Fátima visitaron a nai de Jacinta e Francisco. Pódese dicir que é a primeira visita de San Josemaría ao estranxeiro e, polo tanto, que o Opus Dei comeza a espallarse fóra de España dende Galicia». En febreiro do ano seguinte iniciouse en Portugal o traballo apostólico do Opus Dei, do que neste ano xacobeo celebraron o seu 75 aniversario. Polo tanto, queda patente a importancia da diocese de Tui-Vigo no inicio da expansión internacional do Opus Dei.

As 18 homilías deste libro abranguen todo o ano litúrxico, dende o Advento ata a festa de Cristo Rei. Tamén indicaba o beato Álvaro del Portillo no limiar da primeira edición: «A cerna é o sentido da filiación divina, constante na predicación do fundador do Opus Dei. O autor faise

eco continuamente da ensinanza de san Paulo: Os que son gobernados polo Espírito de Deus son fillos de Deus».

Na homilía “Cristo presente nos cristiáns” Escrivá de Balaguer di: «Hai que tratar a Cristo, na Palabra e no Pan, na Eucaristía e na oración. E tratalo como se trata un amigo, un ser real e vivo como Cristo, porque resucitou». É a ese Cristo ao que milleiros de persoas cantan cada ano polas rúas de Vigo: «E contempla o teu Cristo na Cruz; e verás como envolve este pobo / En torrentes de amor e luz / Ceos e terra cantan a gloria / do Santísimo Cristo da Vitoria».

Tanto fala o papa Francisco da oración que lle preguntaron por que e el respondeu: «A oración é como o osíxeno da vida. A oración é atraer sobre nós a presenza do Espírito Santo que sempre nos guía cara

adiante. Por iso falo moito da oración». Sen dúbida, estas homilías axudarán a quen as lea a ser máis rezador seguindo as suxestións do Papa.

† Luis Quinteiro Fiuza

Bispo de Tui-Vigo

---

pdf | document generated  
automatically from [https://opusdei.org/  
gl-es/article/as-homilias-de-e-cristo-que-  
pasa-e-amigos-de-deus-en-galego/](https://opusdei.org/gl-es/article/as-homilias-de-e-cristo-que-pasa-e-amigos-de-deus-en-galego/)  
(04-04-2026)